

PROXECTO EDUCATIVO

CEIP CABADA
VÁZQUEZ

CURSO 2020/2021

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO:

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO:

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:

Índice

1. ANÁLISE DO CONTEXTO.....	3
1.1. HISTORIA RECENTE DO CENTRO.....	3
1.2. SITUACIÓN XEOGRÁFICA, SOCIOECONÓMICA E CULTURAL DA CONTORNA.....	4
1.3. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.....	8
2. FINS E INTENCIÓNS EDUCATIVAS.....	8
2.1 PRINCIPIOS, VALORES E SINAIS DE IDENTIDADE.....	8
2.2 LIÑA METODOLÓXICA.....	9
2.2.1 EDUCACIÓN INFANTIL.....	9
2.2.2 EDUCACIÓN PRIMARIA.....	14
3. O CENTRO.....	20
3.1. INSTALACIÓNS.....	20
3.2. HORARIOS XERAIS DO CENTRO.....	21
3.3. OFERTA EDUCATIVA, ÁREA DE INFLUENCIA E CENTROS ADSCRITOS.....	23
3.4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	23
3.5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.....	24
3.6. PLAN DE AVALIACIÓN DO CENTRO.....	24
4. OBXECTIVOS.....	26
5. ESTRUTURA ORGANIZATIVA.....	34
5.1. ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS.....	34
5.2. ÓRGANOS COLEXIADOS.....	35
5.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.....	35
A. CCP.....	36
B. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.....	36
C. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.....	36
D. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	36
E. EQUIPO DE BIBLIOTECA.....	36
F. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC.....	37
5.4. EQUIPO DE CICLO DE INFANTIL E EQUIPO DOCENTE DE PRIMARIA.....	37
6. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO.....	37
7. REVISIÓN, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA.....	39

1. ANÁLISE DO CONTEXTO

1.1. HISTORIA RECENTE DO CENTRO

O CEIP Cabada Vázquez está en funcionamento dende o curso 1980/1981. No curso 2001/2002 cambiou o seu nome pasando de ser CEIP de Codeseda a CEIP Cabada Vázquez, en honor ao poeta e escritor Xosé Manuel Cabada Vázquez, nacido no lugar de Barro, na parroquia de Codeseda.


Ao longo de todos estes anos sufriu unha merma importante no número de alumnado que acode ao centro, debido á despoboación do rural e á baixa natalidade, chegando a ter arredor de 60 alumnos/as no curso 2007/2008. A partir do curso 2008/2009 foi subindo o número de alumnado, xa que empezaron a acudir ao centro alumnos/as procedentes do casco urbano.

1.2. SITUACIÓN XEOGRÁFICA, SOCIOECONÓMICA E CULTURAL DA CONTORNA

O C.E.I.P. Cabada Vázquez está ubicado na parroquia de Codeseda, unha zona rural a 9 km da vila da Estrada, concello ao que pertence, na provincia de Pontevedra. Codeseda é a parroquia de maior extensión do municipio da Estrada (Pontevedra). Conta con aproximadamente 378 habitantes repartidos en 23 unidades de poboación. Xeograficamente está situada na metade dun val de montaña cruzado polo río Umia, que lle dá un aspecto singular cheo de fermosos recunchos e paisaxes.



O centro conta con nove niveis educativos integrados en seis unidades debido ao número reducido de alumnado, que obriga a xuntar niveis nalgúns casos.



Ademais da parroquia de Codeseda acode ao centro alumnado doutras nove parroquias: Liripio, Sabucedo, Arca, Souto, Rivela, Parada, Nigoi e Tabeirós; e parte do alumnado dende o núcleo urbano da Estrada dende o curso 2008/2009.

A grandes trazos, a dinámica demográfica da zona de influencia do centro segue a tendencia xeral de Galicia en canto a perda de poboación se refire debido principalmente a tres factores:

- A proximidade ao núcleo da Estrada, pois a capital municipal e o seu contorno constitúe a zona máis dinámica do municipio dende o punto de vista económico. É ademais, o centro comercial, sanitario, administrativo e de servizos non só de todo a poboación, senón

doutros como Silleda ou Cuntis. Isto supón un mercado de aproximadamente 40.000 persoas.

- Outro conxunto de parroquias que están aumentando o número de habitantes, son as próximas ás vías de comunicación, destacando a N-640 (Carril-Chapa), C-541 (que une Santiago de Compostela e A Estrada). Ademais das súas mellores posibilidades de mobilidade, o carácter industrial de moitas destas parroquias como son o caso de Lagartóns, Matalobos, Figueiroa e Toedo, chegan a constituír claros exemplos de zona de industrialización espontánea, o que provoca que moitos dos seus traballadores se trasladen a estes lugares para estar máis cerca do traballo e da capital municipal.
- En terceiro e último lugar, débense destacar todas as parroquias que se asentan no Val do Ulla, con dinámica semellante ás anteriores, xa que son terras moi fértiles e moito máis próximas a Santiago de Compostela.

Nos tempos actuais, Codeseda languidece cunha poboación envellecida, coa agricultura e a gandaría lastradas por unha interminable concentración parcelaria. Non obstante, mantén o seu patrimonio histórico e o seu encanto rústico, que a día de hoxe permítelle postularse como destino de interese etnográfico, asociado por suposto ao tirón turístico da Rapa das Bestas de Sabucedo, festa declarada de interese turístico internacional que conta con máis de 400 anos de historia e que se celebra nunha parroquia lindante coa de Codesesa. Así mesmo, entre os lugares de interese máis relevantes de Codeseda destacan:

- **A igrexa de San Xurxo**, da cal sábese da súa existencia no século IX, onde é mencionada polo bispo Sisnando de Iria nunha escritura. Máis tarde aparece en varias ocasións como mosteiro de monxas. Xa no século XV tan só quedaban dúas monxas no mosteiro de Codeseda e foi suprimido polo cabido compostelán.
- Tres importantes castros: o **castro de Marcenlos** (o outeiro Grande), o **castro de As Quintas** e o **castro de Entrecastrelo**. Neste último apareceu unha pedra gravada con círculos concéntricos, liñas e cazoletas, característico exemplo de arte rupestre prehistórico do Noroeste da Península.

No ámbito cultural podemos destacar as seguintes asociacións na zona:

- Asociación Codeseda Viva
- Asociación Virxe da Guadalupe da Grela
- Asociación da Rapa das Bestas de Sabucedo
- Asociación de Mulleres Rurais Consumidoras e Culturais de Codeseda
- Asociación Cultural de Ribela

Coas que colaboramos en distintas actividades programadas dende o centro ou polas propias asociacións.

Ademais temos colaboracións con outras asociacións do concello como:

- Asociación Cultural Vagalumes
- Asociación Cultural A Fervenza de Ouzande

SITUACIÓN SOCIECONÓMICA E LINGÜÍSTICA

A actividade socioeconómica na zona segue a estar centrada en empresas pequenas de tipo autónomo adicadas maioritariamente a sectores tan variados como o transporte, a construción, ou pequenas explotacións agrícolas; aínda que cómpre destacar que xa se leva varios anos evidenciando a pouca presenza ou case que residual que as actividades agrarias vinculadas ao propio rural teñen nesta zona. Sinálase asemade como outro grupo importante a dos empregados asalariados por conta allea. Tanto no caso dos pais como no das nais o grupo máis numeroso confórmano os traballadores/as autónomos ou asalariados a tempo completo. Destacar que no caso das nais é maior a porcentaxe de traballadoras que están en paro, así como das que traballan a tempo parcial con respecto ao grupo dos pais, habendo tamén unha parte das nais que non teñen, nin buscan traballo remunerado.

Outro fenómeno a destacar nesta zona é o do éxodo rural, non só segue a ser unha crúa realidade na nosa contorna, senón que segue a marcar unha tendencia a curto e medio prazo desalentadora á hora de atopar iniciativas de asentamento de familias no rural. Este feito non sería relevante se non fose porque nos atopamos diante dunha triste realidade que afecta a gran parte do noso rural, e así, Codeseda, lugar de referencia e prosperidade fai escasas décadas, é hoxe outro dos moitos exemplos dese despoboamento do rural, do envellecemento da súa poboación e por conseguinte, da perda de servizos no noso ámbito.

Por último sinalar tamén, que unha porcentaxe importante do alumnado provén da vila da Estrada, onde no seu núcleo urbano traballan maioritariamente fóra da casa en ámbolos dous casos e adícanse a actividades moi dispares dentro do sector servizos, con especial énfase nas diferentes actividades comerciais e da hostelería ou restauración.

En canto á situación lingüística atopámonos nun entorno rural no que a lingua predominante é o galego.

Asumimos a lingua galega como lingua oficial do Centro, coidando que a vía administrativa e as relacións coa comunidade se establezan en galego, para así contribuír á súa normalización. A nivel administrativo e docente séguese a lexislación vixente recollida

no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

A lingua vehicular en E.I. vén determinada tendo en conta as entrevistas ás familias, que maioritariamente elixen o galego, e polos datos da zona xeográfica que ao estar en zona rural é o galego.

En todos os cursos levarase a cabo o ensino da lingua estranxeira, Inglés, e deixarase constancia no historial académico da súa participación na sección bilingüe na materia de plástica.

Ao remate da escolaridade pretendemos que os alumnos acaden un dominio das dúas linguas, tanto oral como escrito e conseguindo a maior competencia lingüística en inglés.

1.3. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

O alumnado procede das parroquias que forman parte da zona de influencia do colexio e ademais unha parte importante procede do casco urbano e nalgúns casos de zonas limítrofes.

A matrícula habitual durante os últimos cursos está arredor dos 70-80 alumnos/as en total. A rateo está arredor de 10 en Ed. Infantil (2 unidades mixtas de 3, 4 e 5 anos) e 12 en Ed. Primaria (4 unidades, 2 mixtas e dúas puras).

Os nenos/as non presentan excesivos problemas de comportamento e son, en xeral, respectuosos. Proceden, na meirande parte dun ambiente socio-cultural medio baixo, destacando a escasa motivación e interese pola lectura acrecentada nalgúns casos por un ambiente familiar culturalmente pobre.

A relación entre os rapaces é xeralmente amistosa e non soen darse situacións de marxinação entre eles. Son colaboradores e en xeral sempre realizan as tarefas encomendadas polos mestres.

2. FINS E INTENCIONS EDUCATIVAS

2.1 PRINCIPIOS, VALORES E SINAIS DE IDENTIDADE

O centro identifícase cos seguintes valores e principios:

	<p>O respecto e o emprego da lingua propia é un dereito recoñecido por todos os membros da comunidade educativa. En todo caso deberase garantir que ao finalizar a escolaridade o alumnado teña un correcto dominio oral e escrito das dúas linguas oficiais: galego e castelán.</p> <p>O Equipo de dinamización da lingua galega ten encomendada a</p>
--	---

Lingua	<p>tarefa de fomentar o uso do galego en tódolos eidos, de xeito que sexa mellor valorado con respecto do castelán.</p> <p>O galego empregárase como lingua habitual de comunicación do centro tanto a nivel oral como escrito nas comunicacións que desde el se fagan.</p> <p>En todo caso cabe indicar que os aspectos relativos ó uso das linguas cooficiais no centro, veñen claramente reflectidos no Proxecto Lingüístico do Centro, que se inclúe entre os Plans e Proxectos que constitúen este Proxecto Educativo.</p>
Pluralismo e valores democráticos	<p>Renunciamos dende a escola a todo tipo de sectarismo declarándonos esencialmente respectuosos co dereito á liberdade de pensamento, ideas e opinións que sexan compatibles coa Declaración dos Dereitos Humanos; educando no respecto, a tolerancia, a solidariedade e a responsabilidade.</p>
Coeducación	<p>O centro fomentará a convivencia sen prexuízos ou actitudes discriminatorias entre os dous sexos, incluíndo na práctica docente diaria valores e actitudes que fomenten a ruptura dos estereotipos e roles asignados tradicionalmente a cada un dos sexos e considerando a formación sexual, xa dende pequenos, coma unha ferramenta moi valiosa para a superación das desigualdades por razón de xénero.</p>
Aconfesionalidade	<p>Respectando o establecido na lexislación vixente e como institución pública declarámonos aconfesionais, garantindo polo tanto unha educación baseada no respecto e tolerancia das crenzas individuais dos seus membros.</p>
Inclusión	<p>Tendo en conta a diversidade de capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, necesidades, situacións sociais ou expectativas e axustando o proceso educativo á individualidade de cada alumno/a con medidas educativas de atención á diversidade que benefician a todos e perseguen o máximo desenvolvemento da cada un.</p>
Ecoloxía e coidado do medio	<p>Fomentando a responsabilidade cara o noso medio ambiente, adoptando unha actitude crítica ante as súas agresións, respectando e colaborando no seu mantemento.</p>

2.2 LIÑA METODOLÓXICA

2.2.1 EDUCACIÓN INFANTIL

A metodoloxía que empregamos ten como finalidade que os nenos/as sexan capaces de poñer en práctica, de forma integrada, en contextos e situacións diversas, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas; propiciando que sexan os protagonistas da súa propia aprendizaxe.

A nosa metodoloxía xirara arredor dos seguintes eixos:

- **Agrupamentos mixtos:** mesturando ao alumnado de 3, 4 e 5 anos.
- Contacto coa **natureza** e coa contorna na que nos atopamos.
- **Educación inclusiva**, atendendo ás características propias de cada alumno/a, procurando darlle a resposta máis axeitada a cada un.
- O **movemento** será outro eixo fundamental polo que se realizarán sesións diarias de psicomotricidade durante 45 minutos. Todo aquilo que se aprende en movemento é difícil de esquecer polo que a vivenciación será o punto de partida dos procesos de aprendizaxe.
- A **metodoloxía por proxectos** que favorece unha aprendizaxe compartida e cooperativa, na que os nenos/as planifican a súa acción e definen o que queren facer, organizando, revisando, transformando... sendo cada vez máis autónomos e protagonistas do seu proceso de ensino-aprendizaxe.
- Unha **aprendizaxe significativa e funcional**, e, que polo tanto, chegan a aprender a aprender a través da propia acción, desenvolvendo unha aprendizaxe enmarcada en contextos significativos, próximos ao alumnado, é dicir, aprender para a vida, contribuíndo, así, ao desenvolvemento de todas as competencias clave.
- O **xogo**, como elemento motivador, presente sempre en todas as actividades; posibilitando o xogo libre, posto que os nenos/as aprenden xogando e xogan aprendendo.
- Pretendemos contribuír ao **pensamento científico e crítico** a través de procesos de investigación, tomando como punto de partida, sempre que sexa posible, a observación da natureza na contorna próxima.
- Cultivar a **creatividade** e a **sensibilidade**.
- Favorecer o **benestar emocional**, creando un espazo agradable para que se poida desenvolver correctamente a aprendizaxe.
- Procurar que a escola sexa un **punto de encontro**, para o alumnado , para as familias e para toda a comunidade educativa. Favorecer que a escola e a familia vaian á par, posibilitando a **participación das familias** no proceso educativo.

ORGANIZACIÓN TEMPORAL	EDUCACIÓN INFANTIL
SESIÓN	ACTIVIDADE
FALADOIRO	Conversacións libres ou dirixidas para que o alumnado poida trasladar as súas vivencias, experiencias, preocupacións...

PSICOMOTRICIDADE	<p>Realizaranse sesións diarias de 45 minutos coa mestra de EF e co apoio de outro mestre, preferentemente os titores de EI, e coa colaboración da mestra de EM.</p> <p>Na idade infantil o desenvolvemento psicomotor abarca todo, é dicir, o neno/a ten unha forma de aprender, de actuar, onde o motriz, o emocional e o cognitivo van totalmente unidos, sendo o xogo a actividade principal a través da cal se realizan as aprendizaxes básicas.</p>
HÁBITOS DE HIXIENE	Beber, aquel que queira, colocar os calcetíns antideslizantes cada un no seu estante, lavar as mans e poñer o mandilón.
LÓXICO-MATEMÁTICA E LECTOESCRITURA	Adicaranse dúas sesións á semana a traballar contidos de lóxico-matemática, e outras dúas sesións á semana a contidos de lectoescritura, distribuindo o alumnado en grupos mixtos de E.I.
MERENDA	Aseo e merenda na aula, ou no exterior se o tempo o permite, conversando cos demais e compartindo as súas impresións.
MOMENTO DE LECER	Desfrutarán dun momento de xogo espontáneo e libre no exterior sempre que a climatoloxía o permita, nunha contorna natural e con elementos que provoquen o seu desenvolvemento motriz, social, emocional...
ABP	<p>O desenvolvemento dos proxectos levarase a cabo en cinco recantos: recanto das letras, recanto de plástica, recanto científico, recanto matemático e recanto do xogo.</p> <p>Estes recantos estarán distribuídos nas dúas aulas de infantil e o alumnado irá rotando en pequenos grupos ata completar todos os recantos.</p> <p>As tarefas planificadas en cada un destes recantos irán encamiñadas a dar resposta ás inqedanzas do alumnado plantexadas ao inicio do proxecto.</p>
ASEO E ALMORZO	Asearse (ir ao baño e lavar as mans) e ir entrando ao comedor para tomar o xantar.
ASEO E HORA DE LER	<p>Lavar os dentes e escoitar/ler un conto.</p> <p>Recollemos, pequena asemblea final e despedida.</p>

ORGANIZACIÓN DO ESPAZO

O ciclo de EI dispón de dúas aulas, unha aula de referencia para cada un dos grupos.

As aulas están ambientadas de acordo cos recantos que hai en cada unha delas:

PequeVagalumes1 (na planta baixa): Arte e linguaxe.

PequeVagalumes2 (na primeira planta): Números, ciencias e xogo.

Ademais das aulas propias farase tamén un uso habitual dos demais espazos do centro: biblioteca, aula de psicomotricidade, radio escolar, corredores e patio; así como da contorna natural na que nos atopamos.

ORGANIZACIÓN ESPACIAL	EDUCACIÓN INFANTIL
FALADOIRO	Cada grupo na súa aula de referencia.
PSICOMOTRICIDADE	Levarase a cabo normalmente na aula de psicomotricidade pero tamén se poderá facer uso do espazo exterior (patio) ou da contorna que nos rodea cando se considere oportuno.
LÓXICO-MATEMÁTICA E LECTOESCRITURA	Realizarase dentro da aula que corresponda a cada grupo (1 ou 2). Na aula “PequeVagalumes1” desenvolveranse a LECTOESCRITURA e na aula “PequeVagalumes2” LÓXICO – MATEMÁTICA. Serán os dous grupos mixtos os que acudan a cada unha das aulas en días alternos.
MERENDA	Aseos e aula de referencia.
MOMENTO DE LECER	Patio de recreo.
ESPECIALIDADES	Algunhas das especialidades levaranse a cabo na aula propia da especialidade (inglés e música) e outras nas aulas ordinarias (relixión nunha das aulas e atención educativa na outra) educación emocional, cada grupo na súa aula de referencia. A inglés, música e relixión acudirán xuntos PequeVagalumes1 e PequeVagalumes2. Un mestre ou mestra designado pola dirección do centro irá a apoiar ao especialista á aula onde se desenvolva a actividade.
ABP	Realizaranse nas dúas aulas, repartindo ao alumnado en grupos para os distintos recantos: recanto da linguaxe, recanto da arte, recanto das ciencias, recanto dos números e recanto do xogo. Estes grupos estarán integrados por alumnado das tres idades e das dúas aulas. Ademais empregaranse outros espazos do propio centro cando se precise (biblioteca, radio escolar, corredores e patio); así como da contorna natural na que nos atopamos.
ASEO E XANTAR	Aseos e comedor.
ASEO E HORA DE LER	Aseos e aula de referencia.

XUSTIFICACIÓN, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

PSICOMOTRICIDADE	<p>Participarán no momento da psicomotricidade as dúas aulas xuntas, atendidas pola mestra de EF e un mestre ou mestra de apoio. Esta actividade desenvolverase na aula de psicomotricidade.</p> <p>Nos primeiros anos de vida, a psicomotricidade xoga un papel fundamental no desenvolvemento do neno ou nena, xa que inflúe directamente sobre o desenvolvemento intelectual, afectivo e social. Entendemos que un correcto desenvolvemento psicomotor é a base para as aprendizaxes futuras. Debemos propoñer ao alumnado as experiencias psicomotrices axeitadas ás súas posibilidades e que faciliten o seu desenvolvemento neurolóxico. As clases de psicomotricidade realizaranse sempre despois do faladoiro.</p>
PCE	<p>Traballaranse aspectos relacionados coas competencias lingüística e matemática fundamentalmente: frases, palabras, letras, vocabulario, orientación (diante/detrás, arriba/abaixo, etc.) cantidades, números, formas...</p> <p>Introducindo tamén novas metodoloxías, como o ABN ou OAOA para o ensino das matemáticas, e outras para o ensino das linguas. Procurarase que a actividade sexa o máis manipulativa posible, manipular é similar a pensar. Accións como tocar, arrastrar, facer, desfacer, construír, mirar, etc. van contribuír a que os nenos e nenas vaian coñecendo as propiedades e cualidades dos obxectos.</p> <p>Os grupos estarán atendidos polos titores de EI con apoios doutros mestres cando se considere preciso.</p>
ESPECIALIDADES	<p>As distintas especialidades desenvolveranse tamén coa mesma metodoloxía e procurarase traballar de xeito coordinado aos proxectos que estean sendo desenvolvidos.</p> <p>Levaranse a cabo cos dous grupos xuntos e desenvolveranse nas aulas específicas inglés e música. Relixión será nunha das dúas aulas de EI e na outra será atendido o alumnado de atención educativa.</p> <p>Incluímos a Ed. Emocional, valorando a importancia de traballar as emocións e de dispoñer de habilidades tanto para recoñecer as nosas emocións como as dos demais e xestionalas axeitadamente, o que nos vai permitir conseguir un desenvolvemento máis harmónico e integral.</p> <p>As mestras e mestres especialistas estarán apoiados por un</p>

	mestre ou mestra.
ABP	<p>A aprendizaxe baseada en proxectos entendemos que facilita a adquisición das competencias. Ademais partimos dos intereses do alumnado, axudan a socializar, son integradores e motivadores e posibilitan un ensino globalizado e unha aprendizaxe significativa. A ABP (Aprendizaxe Baseada en Proxectos) levarase a cabo co alumnado das tres idades e das dúas aulas mesturado, formarán grupos que se repartirán nos cinco recantos ou minicontextos de aprendizaxe que hai repartidos entre as dúas aulas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Recanto da linguaxe. • Recanto da arte. • Recanto das ciencias. • Recanto dos números. • Recanto do xogo. <p>Nestes minicontextos interrelaciónanse as tres áreas e o alumnado desenvolverá proxectos cos que traballará dun xeito cooperativo e adquirindo as competencias. Serán estables e complementarios ao longo de todo o curso.</p> <p>En cada un destes recantos traballará diariamente un dos cinco grupos de alumnos e alumnas, que irá rotando ao longo da semana polos distintos recantos ata completar todas as tarefas propostas.</p> <p>Para desenvolver a ABP cada un dos titores de infantil estará nunha das dúas aulas recibindo apoio doutros docentes con dispoñibilidade horaria se fose preciso. Ademais das aulas ordinarias traballarase tamén noutros espazos do centro (aula de psicomotricidade, radio escolar, patios, aula de música, corredores, biblioteca...), dependendo das actividades propostas.</p>

2.2.2 EDUCACIÓN PRIMARIA

1º e 2º NIVEL

Coa metodoloxía que empregamos pretendemos conseguir un desenvolvemento integral e global do alumnado, tendo sempre como referencia as competencias clave. Para o cal establecemos unha nova organización espazo-temporal, desaparecendo a distribución clásica dos tempos para cada unha das materias. Esta nova distribución concretaríase así:

ORGANIZACIÓN TEMPORAL	1º E 2º DE PRIMARIA
PSICOMOTRICIDADE	Sesións diarias de 30 minutos que serán impartidas polo especialista de EF co apoio doutro mestre/a e coa colaboración da mestra de EM.
PCE (Proxecto Curricular Específico)	Desenvolvemento do proxecto curricular específico para traballar as linguas e as matemáticas en sesións diarias de 1 hora e 15 minutos.

MOMENTO DE LECER	Todo o alumnado do centro ten a oportunidade de xogar dun xeito moito máis espontáneo e libre. Pensamos que debemos contemplalo como un momento educativo máis dentro do horario lectivo e como tal debemos incorporar todo tipo de recursos materiais e persoais que axuden ao desenvolvemento do xogo libre e espontáneo.
ESPECIALIDADES	As distintas especialidades desenvolveranse en sesións diarias de 1 hora e 15 minutos, e serán: Valores Sociais e Cívicos/ Relixión, Inglés, Música, Plástica e Educación Emocional.
ABP	Sesións diarias de 1 hora e 30 minutos para o traballo por proxectos, nas que o alumnado de 1º e 2º se distribuirá en grupos que traballarán nos cinco recantos que hai na aula.
ASEO E XANTAR	Contamos con comedor propio e considerámolo tamén como outro recurso educativo moi importante, tanto para a consolidación de hábitos de hixiene (lavar as mans e os dentes) como de hábitos alimenticios (dieta saudable).

ORGANIZACIÓN ESPACIAL	1º E 2º DE PRIMARIA
PSICOMOTRICIDADE	Levarase a cabo normalmente na aula de psicomotricidade pero tamén se poderá facer uso do espazo exterior (patio) ou da contorna que nos rodea cando se considere oportuno.
PCE	Realizarase dentro da aula ordinaria.
MOMENTO DE LECER	Patio de recreo.
ESPECIALIDADES	Algunhas das especialidades levaranse a cabo na aula propia (inglés, música, plástica e valores) e outras na aula ordinaria (relixión e emocional)
ABP	Realizaranse na aula ordinaria, repartindo o alumnado en grupos para os distintos recantos: artes, palabras, ciencias, números e xogo. Ademais empregaranse outros espazos do propio centro cando se precise (biblioteca, radio escolar, corredores e patio); así como da contorna natural na que nos atopamos.
ASEO E XANTAR	Aseos e comedor

XUSTIFICACIÓN, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

PSICOMOTRICIDADE	Entendemos que un correcto desenvolvemento psicomotor é a base para as aprendizaxes futuras. Debemos propoñer ao alumnado as experiencias psicomotrices axeitadas ás súas posibilidades e que faciliten o seu desenvolvemento neurolóxico. As clases de psicomotricidade realizaranse sempre ao comezo da xornada lectiva. Levaranse a cabo na aula de psicomotricidade e estarán atendidos pola mestra de EF e por outra mestra de apoio.
------------------	---

PCE	<p>Traballaranse aspectos relacionados basicamente coas competencias lingüística e matemática: a ortografía, a gramática, o vocabulario, as operacións, o cálculo , a xeometría... Pero introducindo tamén novas metodoloxías, como o ABN para o ensino das matemáticas, e outras para o ensino das linguas.</p> <p>O grupo estará atendido pola súa titora con apoios doutros mestres cando se considere preciso.</p>
ESPECIALIDADES	<p>As distintas especialidades desenvolveranse tamén coa mesma metodoloxía e procurarase traballar de xeito coordinado aos proxectos que estean sendo desenvolvidos. Incluímos a Ed. Emocional valorando a importancia de traballar as emocións , o que nos vai permitir conseguir un desenvolvemento máis harmónico e integral. Atendendo ademais aos distintos estándares de aprendizaxe que contemplan as emocións en varias materias.</p> <p>Levaranse a cabo con cada grupo por separado e desenvolveranse nas aulas específicas (Inglés, Música ou Plástica) ou na aula propia de cada nivel. As mestras especialistas poderán recibir apoios puntuais cando sexa preciso.</p>
ABP	<p>A aprendizaxe baseada en proxectos entendemos que facilita a adquisición das competencias clave. Ademais partimos dos intereses do alumnado, axudan a socializar, son integradores e motivadores e posibilitan un ensino globalizado e unha aprendizaxe significativa.</p> <p>A ABP (Aprendizaxe Baseada en Proxectos) levarase a cabo co alumnado de 1º e 2º mesturado , que formarán grupos que se repartirán nos cinco recantos ou minicontextos de aprendizaxe que hai na propia aula:</p> <ul style="list-style-type: none"> - As palabras - Os números - O xogo - As ciencias - As artes <p>Nestes minicontextos interrelaciónanse as distintas áreas e o alumnado desenvolverá proxectos cos que traballará dun xeito cooperativo e adquirindo as competencias clave. En cada un destes recantos traballará diariamente un grupo de alumnos, que irá rotando ao longo da semana polos distintos recantos ata completar todas as tarefas propostas.</p> <p>Para desenvolver a ABP contarase coa participación de varios docentes (3 ou 4), e ademais das aulas ordinarias traballarase tamén noutros espazos do centro (aula de psicomotricidade, radio escolar, patios, aula de música, corredores, biblioteca...), dependendo das actividades propostas.</p> <p>Estes minicontextos serán estables ao longo de todo o curso e complementarios.</p>

3º, 4º, 5º e 6º NIVEL

Ao igual que nos niveis anteriores e na etapa de infantil plantexaremos unhas estruturas de organización metodolóxica que posibiliten o desenvolvemento global do alumnado. Así, estableceremos a seguinte organización espazo-temporal para os distintos niveis:

ORGANIZACIÓN TEMPORAL	3º, 4º, 5º E 6º DE PRIMARIA
PCE (Proxecto Curricular Específico)	Desenvolvemento do proxecto curricular específico para traballar as linguas e as matemáticas en sesións diarias de 1 hora e 30 minutos.
ESPECIALIDADES	As distintas especialidades desenvolveranse en sesións diarias de 1 hora e 30 minutos, e serán: Educación emocional, Valores Sociais e Cívicos/ Relixión, Inglés, Música, Plástica e Educación Física.
MOMENTO DE LECER	Todo o alumnado do centro ten a oportunidade de xogar dun xeito moito máis espontáneo e libre. Pensamos que debemos contemplalo como un momento educativo máis dentro do horario lectivo e como tal debemos incorporar todo tipo de recursos materiais e persoais que axuden ao desenvolvemento do xogo libre e espontáneo.
ABP	Sesións diarias de 1 h e media para o traballo por proxectos, traballando conxuntamente o alumnado de 3º e 4º, e o de 5º e 6º, distribuídos en 12 recantos temáticos.
ASEO E XANTAR	Contamos con comedor propio e considerámolo tamén como outro recurso educativo moi importante, tanto para a consolidación de hábitos de hixiene (lavar as mans e os dentes) como de hábitos alimenticios (dieta saudable).

ORGANIZACIÓN ESPACIAL	3º, 4º, 5º E 6º DE PRIMARIA
PCE	Realizarase dentro da aula ordinaria.
ESPECIALIDADES	Algunhas das especialidades levaranse a cabo na aula propia (inglés, música, plástica, EF e valores) e outras na aula ordinaria (relixión e emocional)
MOMENTO DE LECER	Patio de recreo.
ABP	Realizaranse nas aulas propias de cada contexto, repartindo o alumnado en grupos dos dous niveis mesturados(3º e 4º - 5º e 6º) para os distintos minicontextos (3 en cada contexto). Ademais empregaranse outros espazos do propio centro cando se precise (biblioteca, corredores e patio); así como da contorna natural na que nos atopamos.

XUSTIFICACIÓN, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

PCE	<p>No programa curricular específico traballaranse aspectos relacionados basicamente coas competencias lingüística e matemática: comprensión lectora, composición de textos, vocabulario, operacións, cálculo, xeometría, a xerarquía dos problemas... a través de xogos, actividades máis dinámicas... e o libro dixital, no caso de 5º e 6º, especificamente para reforzar ortografía e gramática.</p> <p>O PCE (Programa Curricular Específico) desenvolverase diariamente durante 90 min. Cada grupo estará atendido pola súa titora. Levarase a cabo na aula propia de cada nivel. Para a súa correcta programación, primeiro concretaremos os contidos a traballar en cada mes, baseándonos nas necesidades creadas polos proxectos que se van desenvolver, e a continuación repartirémolos equitativamente por bloques de contidos cada día da semana para traballar desta maneira todos os ámbitos das linguas e das matemáticas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Luns: Numeración e cálculo - Martes: Lectura comprensiva e composición de textos - Mércores: Razoamento de problemas - Xoves: Gramática e ortografía - Venres: Tratamento da información <p>Para equiparar as dúas linguas, traballaremos cada semana unha distinta, alternándoas.</p>
ESPECIALIDADES	<p>As distintas especialidades desenvolveranse tamén na medida do posible, coa mesma metodoloxía e procurarase traballar de xeito coordinado aos proxectos que estean sendo desenvolvidos. Incluímos a Ed. Emocional valorando a importancia de xestionar as emocións, o que nos vai permitir conseguir un desenvolvemento máis harmónico e integral, atendendo ademais aos distintos estándares de aprendizaxe que contemplan as emocións en varias materias.</p> <p>Levaranse a cabo con cada grupo por separado e desenvolveranse nas aulas específicas (Inglés, Música ou Plástica ou E. Física) ou na aula propia de cada nivel. Neste caso as mestras especialistas poderán recibir apoios puntuais cando sexa</p>

	preciso.
ABP	<p>A aprendizaxe baseada en proxectos entendemos que facilita a adquisición das competencias clave. Ademais parten dos intereses do alumnado, axudan a socializar, son integradores e motivadores e posibilitan un ensino globalizado e unha aprendizaxe significativa.</p> <p>A ABP (Aprendizaxe Baseada en Proxectos) levarase a cabo co alumnado de 3º e 4º - 5º e 6º mesturado e agrupados en dous bloques, A e B. Cada grupo debe pasar cada día por un dos doce minicontextos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aula de 6º : Contexto científico (conta dentro con 3 minicontextos) - Aula de 5º : Contexto matemático (conta dentro con 3 minicontextos) - Aula de informática : Contexto lingüístico (conta dentro con 3 minicontextos) - Aula de 3º/4º : Contexto humanístico (conta dentro con 3 minicontextos) <p>Nestes minicontextos interrelaciónanse as distintas áreas e o alumnado desenvolverá proxectos cos que traballará dun xeito cooperativo tendo en conta as competencias clave. En cada un destes recantos traballará diariamente un grupo de alumnos/as, que irá rotando ao longo da semana polos distintos recantos ata completar todas as tarefas propostas.</p> <p>Para desenvolver a ABP contarase coa participación de varios docentes (mínimo 4), e ademais das aulas ordinarias traballarase tamén noutros espazos do centro (aula de psicomotricidade, patios, aula de música, corredores, biblioteca...), dependendo das actividades propostas.</p> <p>Estes minicontextos serán estables ao longo de todo o curso.</p>

OUTRAS CARACTERÍSTICAS METODOLÓXICAS IMPORTANTES

- **Mestura de idades**, recuperando de novo a idea de ciclo, posibilitando a interacción e o desempeño de diferentes roles.
- **Integración das TIC**, que permita ao alumnado contar cos recursos tecnolóxicos e aplicacións informáticas para desenvolver os proxectos e os plans de traballo.

- **Uso da Biblioteca**, como unha fonte básica de recursos para o desenvolvemento dos proxectos.
- **Introdución dun proxecto** para todo o curso (A nosa tenda) que os motive ao tempo que aprenden a manexar o diñeiro. Para facer uso da mesma, deben facerse responsables das tarefas encomendadas, grazas ás cales gañan puntos.
- **Plans de traballo**, para realizar as actividades propostas en cada un dos minicontextos, que axudan ao alumnado a planificar e desenvolver as tarefas.
- **Implicación do alumnado na avaliación**, realizando unha autoavaliación ao remate de cada unha das tarefas, para reflexionar sobre o traballo desenvolvido.
- **Traballo en equipo do profesorado**, maior coordinación entre todo o profesorado, imprescindible para deseñar e xestionar os programas e proxectos didácticos.
- **Maior implicación das familias**, facéndoos partícipes do traballo a desenvolver polo alumnado e establecendo canles de comunicación máis fluídas co profesorado e co centro.

3. O CENTRO

3.1. INSTALACIÓNS

As instalacións do centro abarcan unha superficie total duns 12.300m², incluíndo o edificio, patio cuberto e o patio exterior. O centro componse dun único edificio que consta dunha planta baixa e unha 1ª planta. Ademais existe unha edificación, a modo de patio cuberto duns 135m² e o pavillón de deportes.

No exterior do edificio o recinto escolar dispón dun gran espazo no que hai unha pista de asfalto para xogar ao fútbol, baloncesto..., parque infantil, zona de estacionamento, zona de arboredos e xardíns.

Está situado nun espazo aberto e con poucas edificacións próximas. Dispón de amplos espazos destinados a patios, servizos e xardín. Nas proximidades existen numerosas árbores de diferentes especies que pertencen ó xardín do centro e os arboredos do exterior. Para acceder ó recinto escolar existen tres entradas. Unha entrada principal de acceso exclusivamente peonil empregada polo alumnado, usuario do transporte escolar ou non, polos pais e nais do alumnado e tamén polo profesorado. A segunda entrada é o acceso á cociña e destínase para uso exclusivo do persoal do centro e provedores do comedor escolar, cunha zona reservada para aparcadoiro de vehículos. A terceira entrada dá ao patio e á parte traseira do centro, emprégase para as entradas e saídas nos recreos e accédese directamente á aula de psicomotricidade e usos múltiples.

Tanto na entrada principal como na entrada posterior existen escaleiras e ramplas de acceso, de todas maneiras as barreiras arquitectónicas non están totalmente eliminadas, pois non existe ascensor.

O edificio ten unha superficie aproximada de 1.400m², distribuídos en dúas plantas. Na planta baixa atópanse a aula de psicomotricidade e usos múltiples, unha aula de Ed. Infantil, despachos de Dirección, Secretaría, sala de profesores, a biblioteca, servizos para nenos e nenas, servizos de profesorado, o comedor escolar, a cociña, o almacén de limpeza, o almacén da cociña e a caldeira de calefacción. Na primeira planta atópanse as aulas de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º de primaria e unha aula de Infantil, as aulas de orientación escolar (PT e AL), a aula do Contexto Lingüístico e radio escolar, aula de música, aula de inglés e servizos para nenos e nenas.

As instalacións do centro precisan dun mantemento máis exhaustivo, debido á súa antigüidade necesítanse reparacións no tellado do centro e no almacén da cociña e ademais o cambio das ventás, que deixan pasar o frío e o aire; tamén se necesitaba renovar e actualizar os baños e as portas das aulas.

A outra edificación que se atopa dentro do recinto escolar é o pavillón de deportes, que necesitaba dunha reparación urxente, xa que se atopa en moi mal estado. É un local moi frío e húmido, con entrada de auga polo tellado e polas paredes, e de animais como lagartos, cobras e ratos. As condicións hixiénicas son bastante deficientes polo que expuxemos antes e o uso desta instalación está moi condicionada por elas e polo frío que fai.

3.2. HORARIOS XERAIS DO CENTRO

No centro temos un horario de xornada mixta con clase pola tarde os luns, martes, mércores e xoves, e sen clase pola tarde os venres. Nos meses de setembro e xuño temos horario de xornada continua todos os días agás os martes.

O horario xeral do centro sería:

HORARIO DOS MESES DE SETEMBRO E XUÑO				
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
ENTRADA 09:40 SAÍDA 15:30	ENTRADA 09:40 SAÍDA 16:30	ENTRADA 09:40 SAÍDA 15:30	ENTRADA 09:40 SAÍDA 15:30	ENTRADA 09:40 SAÍDA 15:30
HORARIO DE OUTUBRO A MAIO				
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES

ENTRADA 10:00 SAÍDA 16:00	ENTRADA 10:00 SAÍDA 16:30	ENTRADA 10:00 SAÍDA 16:00	ENTRADA 10:00 SAÍDA 16:00	ENTRADA 10:00 SAÍDA 15:30
------------------------------------	------------------------------------	------------------------------------	------------------------------------	------------------------------------

En canto ao horario lectivo varía tendo en conta a etapa ou cursos dos que se trate.

O horario base en Educación Infantil sería o seguinte:

INFANTIL	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:00-10:30	FALADOIROS	FALADOIROS	FALADOIROS	FALADOIROS	FALADOIROS
10:30-11:15	PSICOMOTRICIDADE	PSICOMOTRICIDADE	PSICOMOTRICIDADE	PSICOMOTRICIDADE	PSICOMOTRICIDADE
11:15-12:15	ESPECIALIDADES	LECTOESCRITURA/LÓXICO-MATEMÁTICA	LECTOESCRITURA/LÓXICO-MATEMÁTICA	LECTOESCRITURA/LÓXICO-MATEMÁTICA	LECTOESCRITURA/LÓXICO-MATEMÁTICA
12:15-12:45	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
12:45-13:30	ESPECIALIDADES	ESPECIALIDADES	ESPECIALIDADES	BIBLIOTECA	ESPECIALIDADES
13:30-14:30	PROXECTOS	PROXECTOS	PROXECTOS	PROXECTOS	PROXECTOS
COMEDOR	14:30-15:30	14:30-15:30	14:30-15:30	14:30-15:30	14:30-15:30
15:30-16:00/16:30	PROXECTO LECTOR	XOGO POR RECANTOS	PROXECTO LECTOR	PROXECTO LECTOR	

O de 1º e 2º de Primaria sería:

1º/2º	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:00-10:30	PSICOMOTRICIDADE	PSICOMOTRICIDADE	PSICOMOTRICIDADE	PSICOMOTRICIDADE	PSICOMOTRICIDADE
10:30-11:45	PCE-LINGUAS E MATEMÁTICAS	PCE-LINGUAS E MATEMÁTICAS	PCE-LINGUAS E MATEMÁTICAS	PCE-LINGUAS E MATEMÁTICAS	PCE-LINGUAS E MATEMÁTICAS
11:45-12:15	ESPECIALIDADES	ESPECIALIDADES	ESPECIALIDADES	ESPECIALIDADES	PROXECTOS
RECREO	12:15-12:45	12:15-12:45	12:15-12:45	12:15-12:45	12:15-12:45
12:45-13:30	ESPECIALIDADES	ESPECIALIDADES	ESPECIALIDADES	ESPECIALIDADES	PROXECTOS
13:30-14:30	PROXECTOS	ESPECIALIDADES	PROXECTOS	PROXECTOS	ESPECIALIDADES
COMEDOR	14:30-15:30	14:30-15:30	14:30-15:30	14:30-15:30	14:30-15:30
15:30-16:00/16:30	PROXECTOS	PROXECTOS	PROXECTOS	PROXECTOS	

O de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria sería:

3º/4º/5º/6º	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:00-11:30	CONTEXTOS	CONTEXTOS	PCE ESPECIALIDADES	CONTEXTOS	ESPECIALIDADES PCE
11:30-12:15	PCE	ESPECIALIDADES	CONTEXTOS	PCE	ESPECIALIDADES
RECREO	12:30-13:00	12:30-13:00	12:30-13:00	12:30-13:00	12:30-13:00
12:45-13:30	PCE	ESPECIALIDADES	CONTEXTOS	PCE	ESPECIALIDADES
13:30-14:30	ESPECIALIDADES	PCE	ESPECIALIDADES	ESPECIALIDADES	CONTEXTOS
COMEDOR	14:30-15:30	14:30-15:30	14:30-15:30	14:30-15:30	14:30-15:30
15:30-16:00/16:30	ESPECIALIDADES	PCE	PCE	ESPECIALIDADES	

Estes serían modelos de horarios que variarán dependendo das unidades mixtas que haxa e de como se organicen os cursos e o profesorado.

O horario de atención semanal ás familias será os martes de 09:00 a 10:00.

3.3. OFERTA EDUCATIVA, ÁREA DE INFLUENCIA E CENTROS ADSCRITOS

Denominación: C.E.I.P. Cabada Vázquez.

Titularidade: Centro público dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Código do centro: 36002220

Niveis educativos que imparte:

- Segundo ciclo de Educación Infantil
- Educación Primaria

Número de unidades:

Autorizadas: 5, unha de Infantil e catro de Primaria.

En funcionamento: 6, dúas de Infantil e catro de Primaria.

Adscrición do centro:

O centro está adscrito ao IES nº 1 da Estrada

Área de influencia do centro:

A área de influencia do centro abarca as parroquias de Sabucedo, Codeseda, Rivela, Liripio, Nigoí, Arca, Tabeirós, Souto e Parada.

3.4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

- COMEDOR

Este centro conta cun comedor escolar de xestión directa e de tipo B. Está xestionado pola dirección do centro, a encargada de comedor, sete mestres colaboradores, unha oficial de cociña e unha auxiliar, e o conserxe que actúa tamén como colaborador. Todo o alumnado do centro fai uso do comedor escolar.

- TRANSPORTE

Cóntase con servizo integrado de transporte escolar subvencionado, a cargo de tres empresas: Autocares Rías Baixas S.L., Autocares Benito Abalo e Autocares Troitiño.

A maioría do alumnado acode ao centro empregando este servizo, que se realiza en catro autobuses e todos contan con acompañante.

O Equipo Directivo, xunto co profesorado, seguindo a lexislación vixente, coordinará e organizará a recepción do alumnado usuario de transporte escolar (dende a chegada dos autocares ata a hora de entrada nas aulas) e a saída (dende o remate da xornada escolar ata que son atendidos polas acompañantes de transporte).

3.5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

As actividades extraescolares están organizadas pola ANPA e realízanse polas tardes á saída do centro escolar.

Para desenvolver as actividades extraescolares empregaranse as instalacións do centro, previa solicitude e aprobación do Consello Escolar; comprometéndose a responsabilizarse dos posibles danos nas instalacións e o material; así como, a que os espazos e locais utilizados queden en perfectas condicións de orde e limpeza.

3.6. PLAN DE AVALIACIÓN DO CENTRO

Do seguimento e revisión dos seguintes documentos e proxectos pódense adoptar decisións de mellora do funcionamento do centro.

Avaliación dos documentos de planificación docente

Revisaranse anualmente as programacións didácticas adaptándoas á nova forma de traballar no centro, e aplicando tamén o traballo realizado coa avaliación na páxina de recursos educativos.net. Unha vez actualizado o PE quédanos pendente a elaboración das concrecións curriculares.

Tamén se actualizarán e se poñerán en consonancia a PXA e a memoria anual.

□ **Avaliación dos proxectos e plans nos que participa o centro**

Avaliaranse todos os proxectos nos que se participa para valorar o seu funcionamento e resultados.

□ **Avaliación do rendemento escolar do alumnado**

Avaliaremos o proceso de ensinanza, a propia práctica educativa e o desenvolvemento de capacidades por parte do alumnado acorde cos obxectivos previstos. Empregaremos instrumentos como: a observación directa e sistemática, análise das producións do alumnado, probas específicas, intercambios orais co alumnado..., e axudándonos tamén da autoavaliación do alumnado do traballo realizado nos proxectos e da avaliación que faga o alumnado sobre os proxectos, ao profesorado e o funcionamento dos diferentes espazos onde se desenvolven os proxectos nas diferentes aulas.

A avaliación como instrumento regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo ha de contemplar:

- **Avaliación inicial:** realizarase ao comezo do curso coa información recollida nas entrevistas coas familias, dos informes de escolarización anteriores, informes de desenvolvemento das competencias clave, coa observación directa dentro da aula e a análise dos traballos desenvolvidos nos primeiros días de curso.

- **Avaliación continua:** ten como finalidade observar a evolución do alumnado ao longo do curso con respecto á avaliación inicial. Levarase a cabo coa observación diaria e a recollida sistemática de datos sobre as tarefas desenvolvidas. As familias serán informadas trimestralmente a través dos boletíns de notas e nas reunións dentro da hora de titoría ou a través de contactos máis informais (chamadas de teléfono).

- **Avaliación sumativa:** tendo en conta as avaliación feitas ó longo do curso e plasmadas no informe de avaliación final.

A decisión sobre a **promoción de nivel ou etapa** será adoptada polo equipo de profesorado que imparten docencia en cada grupo de alumnos e alumnas, como resultado do proceso de avaliación.

O alumnado promocionará ao nivel ou etapa seguinte, sempre que acadase o desenvolvemento adecuado das competencias básicas e un axeitado grao de madurez consonte á súa idade. Poderase promocionar así mesmo, cando as aprendizaxes non acadadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o seguinte nivel ou etapa. Neste caso o centro adoptará as medidas precisas para que o alumnado reciba os reforzos e apoios necesarios para a recuperación de ditas aprendizaxes.

O alumnado que non cumpra as condicións anteriores permanecerá un ano máis no mesmo nivel. Esta será unha medida de carácter excepcional e tomarase unha vez esgotadas o resto de medidas de reforzo e apoio, só poderá ser adoptada unha soa vez ao longo de toda a etapa educativa e irá acompañada dun plan específico de reforzo e recuperación arredor das competencias básicas e aquelas áreas que faciliten a superación das dificultades de aprendizaxe. No caso de promocionar con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan de recuperación para esa área.

Os equipos docentes reuniranse nas sesións de avaliación que estarán coordinadas polo titor/a de cada nivel. As sesións deberán celebrarse antes do Nadal, Semana Santa e final de curso. Os acordos dos equipos de avaliación serán tomados de maneira colexiada.

Despois de cada sesión de avaliación, cada titor/a cubrirá as actas e demais documentos oficiais relativos ó seu grupo de alumnos facendo chegar a información ás familias.

□ **Avaliación da actividade docente**

As reunións de niveis e dos equipos de traballo serán momentos propicios para a avaliación continua da acción educativa. Procuraremos tamén unha avaliación da práctica docente por parte do alumnado coa valoración do desenvolvemento dos proxectos.

Avaliaremos, así mesmo, a función directiva, as instalacións nas que levemos a cabo a docencia, os medios dos que dispoñemos, a asistencia do alumnado, a relación coas familias e a relación coas institucións.

4. OBXECTIVOS

Obxectivo: Promover un cambio metodolóxico en Infantil e Primaria			
Acción 1	Promover a coordinación entre todo o profesorado e entre os equipos docentes de cada unha das etapas e niveis.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Planificar as actividades a desenvolver nas aulas de maneira conxunta e coordinada. Establecer unha hora mensual para reunións dos especialistas de PT e AL cos titores/as. Establecer dúas horas semanais para a coordinación de todo o profesorado, creación de materiais e programación.		
Responsables	Equipo directivo e profesorado.		
Recursos e materiais			

Acción 2	Fomentar a formación do profesorado en novas metodoloxías.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Participación e implicación de todo o profesorado no PFPP. Información regular ao profesorado de experiencias innovadoras e de cursos de formación sobre as mesmas.		
Responsables	Equipo directivo e profesorado.		
Recursos e materiais			
Acción 3	Dotar as aulas do material e mobiliario axeitado.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Crear espazos diferenciados dentro das aulas para o traballo nos recantos e nos contextos. Dotar do material axeitado aos recantos e contextos e a todas as demais aulas do centro.		
Responsables	Equipo directivo e profesorado.		
Recursos e materiais	Mobiliario: estantes, mesas e cadeiras, alfombras, estores,... Materiais: robots, tablets, lupas binoculares, encerados brancos unipersoais, xogos de madeira, materiais para creación de minimundos,... Material funxible: cartolinas, papel de cores, rotuladores, ténpera, pinces,...		

Obxectivo: Mellorar as instalacións do centro			
Acción 1	Trasladar ao Concello e á Xefatura Territorial as deficiencias máis urxentes a subsanar.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Comunicar por teléfono ou correo electrónico as deficiencias e carencias detectadas. Realizar solicitudes por escrito para solucionar os problemas máis urxentes.		
Responsables	Equipo directivo.		
Recursos e materiais			
Acción 2	Impulsar e promover a posta en funcionamento da radio e da televisión escolar.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Adecuar unha aula para a instalación da radio e da televisión escolar. Participación de todo o profesorado na creación de tarefas para a radio e a televisión.		
Responsables	Equipo directivo e profesorado.		
Recursos e materiais	Mobiliario e equipamento necesario.		
Acción 3	Solicitar material e mobiliario á Consellería.		

	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Enviar no mes de setembro a solicitude de material e mobiliario tendo en conta as necesidades para cada curso.		
Responsables	Equipo directivo, Inspección e S.X. de Construcións e Equipamento		
Recursos e materiais			

Obxectivo: Impulsar a implicación do profesorado na mellora do funcionamento xeral do centro.

Acción 1	Promover unha mellor coordinación entre todo o profesorado do centro.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Realización de reunións dous días á semana.		
Responsables	Equipo directivo e profesorado.		
Recursos e materiais			
Acción 2	Mellorar a aplicación do Plan de Convivencia.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Facer un rexistro detallado de todas as actuacións e incidencias producidas.		
Responsables	Todo o profesorado.		
Recursos e materiais			
Acción 3	Fomentar unha maior colaboración co EDLG.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Incidir na aplicación da lingua materna na etapa de Infantil. Realización de reunións periódicas coa participación de todo o profesorado.		
Responsables	Todo o profesorado.		
Recursos e materiais			
Acción 4	Impulsar unha maior participación de todo o profesorado no funcionamento da biblioteca escolar.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Establecemento dun calendario de reunións mensuais. Incremento do número de profesorado que forma parte do equipo de biblioteca. Organización da biblioteca escolar coa colaboración do alumnado de 6º.		
Responsables	Todo o profesorado.		
Recursos e materiais			

Acción 5	Impulsar o emprego de novas aplicacións e recursos tecnolóxicos por parte de todo o profesorado.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Introdución nas aulas de novos recursos tecnolóxicos, como a robótica.		
Responsables	Todo o profesorado		
Recursos e materiais	Recursos tecnolóxicos: tablets, robots, lupas binoculares,...		
Acción 6	Revisar e adaptar o PE.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Revisión periódica do PE para introducir as modificacións que se vaian producindo.		
Responsables	Equipo directivo e profesorado.		
Recursos e materiais			

Obxectivo: Mellorar a implicación e inclusión do alumnado na vida escolar.			
Acción 1	Promover e favorecer entre o alumnado a toma de decisións no que se refire á organización do centro e na súa propia aprendizaxe.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Facer partícipe ao alumnado na toma de decisións relacionadas coa realización de distintas actividades tanto dentro como fóra da aula.		
Responsables	Profesorado e alumnado.		
Recursos e materiais			
Acción 2	Introducir a educación emocional en todos os cursos.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Dedicar unha sesión semanal en cada uns dos cursos para traballar as emocións.		
Responsables	Profesorado implicado.		
Recursos e materiais	Libros para traballar as emocións e recursos audiovisuais.		
Acción 3	Promover o traballo en grupo e a cooperación entre o alumnado.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Deseño de tarefas para o traballo en grupo, nos recantos e nos contextos.		
Responsables	Profesorado implicado.		
Recursos e materiais	Mobiliario de aula, tabletas, material funxible, recursos audiovisuais, ...		
Acción 4	Promover un estilo de vida saudable.		

	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Participar en programas que promovan un estilo de vida saudable como “Almorzos saudables” e “Froita fresca”. Impulsar hábitos de hixiene e unha dieta saudable. Continuar incidindo nas merendas saudables, implicando ás familias. Continuar co plan Proxecta (XOGADE e Móvete +) practicando actividades ffsico-deportivas que o alumnado poida realizar no seu tempo de lecer e incluso dende o fogar.		
Responsables	Equipo directivo, profesorado, alumnado e familias.		
Recursos e materiais	Alimentos necesarios para a realización destas actividades. Agasallos para incentivar a saúde bucodental.		

Acción 5	Prestar unha atención especial ao alumnado con NEAE		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Reunións periódicas coa orientadora do centro e os especialistas de PT e AL.		
Responsables	Equipo directivo, orientación e profesorado.		
Recursos e materiais	Material específico para a atención á diversidade.		
Acción 6	Favorecer a desaparición da discriminación por razóns de sexo.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Participación en programas: “Plan Director” Realización de actividades que promovan a coeducación: Obradoiros “Acrofam”. Colaboración con asociacións (“Nós Mesmas”) para a realización de programas que promovan a igualdade. Promover a igualdade en todas as actividades que se desenvolven no centro: lectivas, comedor, actividades extraescolares e complementarias... Celebrar o “Día da muller” e o “Día contra a violencia de xénero”. Incidir na utilización de linguaxe non sexista.		
Responsables	Profesorado e organismos implicados.		
Recursos e materiais			

Obxectivo: Mellorar a implicación dos pais e nais do alumnado.			
Acción 1	Impulsar as actividades extraescolares organizadas pola ANPA.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Colaborar na difusión e na realización das actividades extraescolares.		
Responsables	Equipo directivo e ANPA.		

Recursos e materiais	Instalacións do centro.		
Acción 2	Manter relacións de cooperación coa ANPA.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Programar unha reunión trimestral coa directiva da ANPA.		
Responsables	Equipo directivo e directiva da ANPA.		
Recursos e materiais			
Acción 3	Programar xuntanzas coas familias.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Realiza reunións titoriais con todas as familias. Realización de reunións conxuntas para tratar temas de interese xeral.		
Responsables	Profesorado e familias.		
Recursos e materiais			
Acción 4	Introducir a través do PFPP unha "Escola de familias".		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Programación de actividades para as familias encamiñadas a mellorar as relacións entre iguais e as emocións.		
Responsables	Equipo directivo, profesionais implicados e familias.		
Recursos e materiais			

Obxectivo: Mellorar a xestión e o funcionamento dos servizos complementarios			
Acción 1	Vixiar o cumprimento das normas establecidas no protocolo de funcionamento do comedor escolar.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Realizar valoración destas normas nas reunións periódicas do profesorado. Creación do "Carné do bo comensal"		
Responsables	Equipo directivo, encargada de comedor e profesorado.		
Recursos e materiais			
Acción 2	Impulsar hábitos de hixiene a través do servizo do comedor.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Lavar as mans sempre antes de baixar ao comedor e cepillar os dentes despois de comer.		
Responsables	Encargada do comedor e profesorado colaborador.		
Recursos e			

materiais	Xabón, líquido desinfectante, pasta e cepillo de dentes.		
Acción 3	Promover unha dieta saudable no comedor escolar.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Elaboración do menú escolar incrementando o consumo de verduras fresca, froitas e peixe e redución das graxas de orixe animal.		
Responsables	Equipo directivo, encargada de comedor e persoal de cociña.		
Recursos e materiais			
Acción 4	Colaborar co transporte escolar para que se desenvolva este servizo nas condicións axeitadas de seguridade e respecto.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Manter polo menos unha reunión a principio de curso cos traballadores/as do transporte escolar para explicarlle as normas e solucionar posibles problemas. Ao longo do curso reuniremonos cando o soliciten ou sexa necesario.		
Responsables	Equipo directivo e traballadores/as do transporte escolar.		
Recursos e materiais			

Obxectivo: Fomentar e impulsar as relacións coas institucións locais e outras organizacións.			
Acción 1	Fomentar e impulsar as relacións co Concello.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Participación nas actividades que se propoñan dende a Concellaría de Cultura ou outras concellarías. Invitar a clubs ou outras entidades deportivas a realizar xornadas no colexio.		
Responsables	Equipo directivo, profesorado e Concellarías.		
Recursos e materiais			
Acción 2	Fomentar e impulsar a colaboración cos Servizos Sociais.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Información periódica dos posibles casos a atender dende este organismo. Mantemento de reunións periódicas cos traballadores e educadores sociais para dar e recibir información.		
Responsables	Equipo directivo, profesorado e traballadores dos Servizos Sociais.		
Recursos e materiais			
Acción 3	Fomentar e impulsar a realización de actividades con outros centros educativos.		
	Temporalización		

	1º T	2º T	3º T
Indicador	Participar nas actividades propostas polos EDLG da zona. Colaborar cos outros centros PLAMBE da zona na realización das recomendacións lectoras. Realizar xornadas de convivencia con outros centros, por exemplo, a través do XOGADE.		
Responsables	Equipo directivo e profesorado.		
Recursos e materiais			
Acción 4	Fomentar e impulsar as relacións con outras institucións: Universidade, CHUS, asociacións locais, museos,...		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Participar nas actividades propostas por asociacións locais ou institucións, como os museos. Colaborar coa Universidade na recepción de alumnado de prácticas. Colaborar co Departamento de Pediatría do CHUS no proxecto de investigación "CORALS".		
Responsables	Equipo directivo e institucións mencionadas.		
Recursos e materiais			

Obxectivo: Fomentar e promover o desenvolvemento sostible e o respecto polo medio ambiente.			
Acción 1	Colaborar cos gardas forestais.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Realización de polo menos unha charla anual relacionada co coidado do medio ambiente.		
Responsables	Equipo directivo, profesorado e gardas forestais.		
Recursos e materiais			
Acción 2	Participar no programa Voz Natura.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Realizar polo menos unha actividade relacionada con este programa en cada trimestre: o coidado do horto, limpeza de xardineiras, limpeza de espazos naturais e plantacións de árbores autóctonas e froiteiras.		
Responsables	Profesorado e alumnado.		
Recursos e materiais	Materiais para a realización destas actividades: luvas, ferramentas, carretillas, recipientes varios, árbores e plantas de horta...		
Acción 3	Colaborar na recollida de pilas e baterías usadas.		
	Temporalización		

	1º T	2º T	3º T
Indicador	Información ao alumnado da recollida de pilas e baterías usadas no centro. Colocación dun recipiente para a recollida na entrada do centro.		
Responsables	Profesorado e alumnado.		
Recursos e materiais	Recipiente para a recollida ("Recopilador")		
Acción 4	Fomentar a reciclaxe no centro.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Empregar materiais reciclados e naturais para a realización de tarefas do alumnado: maquetas, estruturas, obras plásticas, disfraces, experimentos,... Realizar recollida de plástico no patio e levalos ao contedor axeitado.		
Responsables	Profesorado e alumnado.		
Recursos e materiais	Tubos de cartón, botellas de plástico, follas secas, paus, tapóns, cartóns, caixas de cartón, papel de revistas e xornais, recipientes varios,...		
Acción 5	Participar no proxecto educativo "Arredor dunha horta" de Mans Unidas.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Planificación do traballo no horto escolar e realización de actividades de consumo responsable e fomento da produción ecolóxica.		
Responsables	Equipo directivo, profesorado, alumnado e organismo colaborador.		
Recursos e materiais	Sementes, plantas, ferramentas, ...		

Obxectivo: Fomentar a realización de actividades extraescolares e complementarias variadas e enriquecedoras.

Acción 1	Promover e impulsar a realización de todas aquelas actividades dentro ou fóra do centro: charlas, obradoiros, concertos, visitas, saídas ao entorno, saídas culturais e deportivas,... que poidan ser interesantes ou que estean relacionadas directamente coa práctica docente.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T
Indicador	Informar semanalmente á responsable de actividades complementarias e extraescolares de todas as propostas de saídas e actividades que consideremos importantes para a aprendizaxe e disfrute do alumnado.		
Responsables	Equipo directivo, responsable de actividades complementarias e extraescolares e profesorado.		
Recursos e materiais	Todos os necesarios para a realización destas actividades: materiais, transporte, recursos audiovisuais, ...		

5. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

5.1. ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS

O centro consta actualmente de dous órganos unipersoais que constitúen o equipo directivo: **directora e secretaria**.

O equipo directivo traballará de forma coordinada no desempeño das súas funcións, conforme ao establecido na lexislación vixente. Serán os interlocutores entre tódolos sectores e membros da comunidade e propiciarán a participación e o bo entendemento entre eles.

5.2. ÓRGANOS COLEXIADOS

- Consello escolar

É o órgano a través do que participan na xestión do centro tódolos membros da comunidade escolar.

Estará composto polos seguintes membros:

- a. O director/a, que será o seu presidente/a.
- b. Un concelleiro/a ou representante do concello.
- c. Dous mestres/as elixidos polo claustro. Un deles, designado pola directora, actuará como secretario, con voz e voto no consello.
- d. Dous representantes dos pais/nais de alumnos/as.

As atribucións do consello escolar serán todas as establecidas na legalidade vixente.

Dentro do Consello Escolar atópanse as seguintes comisións:

- Comisión económica
- Comisión de Convivencia
- Comisión da Biblioteca

- Claustro de profesores

Sendo o órgano de participación dos mestres no centro, ten a responsabilidade de planificar, coordinar e decidir sobre tódolos aspectos docentes do mesmo. A súa composición, competencias e funcionamento axustaranse ó disposto na lexislación vixente.

O Centro conta con profesorado especialista habilitado para todas as ensinanzas que imparte: PT, AL, Inglés, Música, Relixión, Música e EF; dos cales son itinerantes os especialistas de AL (con centro base no CEIP Cabada Vázquez) e Relixión (con centro base no CEIP de Oca).

O Claustro presidirao a directora e está integrado pola totalidade dos profesores que prestan servizos no centro. Constituirá o eixe de cooperación e de toma de decisións de carácter pedagóxico e docente. Será informado puntualmente sobre os diferentes aspectos que poidan incidir no funcionamento do Centro.

5.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

Todos os equipos se reunirán cunha periodicidade mensual, as datas de reunión de cada un deles decidiranse no claustro de inicio de curso.

A. CCP

A comisión de coordinación pedagóxica estará integrada pola directora, como presidenta; e todos os demais membros do claustro. Actuará como secretario/a un membro da comisión, designado polo director/a, oídos os restantes membros.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica reunirse cunha periodicidade mensual e celebrará unha sesión extraordinaria ao comezo do curso, outra ao remate e cantas se consideren necesarias.

B. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

No centro non existe Departamento de Orientación, estamos adscritos ao DO do CEIP Villar Paramá. A xefa do DO acode ao centro dous días semanalmente e mantén contacto regular cos mestres de PT (con xornada completa neste centro) e AL (compartido con outro centro), cos titores de todos os cursos e co equipo directivo.

C. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O EDLG estará composto por todos os membros do claustro, actuando un deles de coordinador; que será nomeado pola directora por proposta dos compoñentes do equipo e desempeñará as súas funcións durante dous anos. Preferentemente terá destino definitivo no centro.

Reunirse cunha periodicidade mensual e a súa finalidade fundamental será potenciar o uso da lingua galega. Entre outras actuacións levará a cabo a revisión e actualización do PL, a elaboración do Plan de Fomento da Lingua Galega, e coordinará todas as actividades que se leven a cabo con respecto ao mesmo.

D. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias estará formado por todos os membros do claustro e actuará como coordinador/a un membro nomeado polo director/a, oída a comisión de coordinación pedagóxica. Coordinará todas as actividades extraescolares e complementarias relacionadas co centro, en estreita colaboración co equipo directivo e con distintas asociacións e institucións.

E. EQUIPO DE BIBLIOTECA

O equipo de biblioteca estará composto por varios membros do claustro, procurando que participen nel máis da metade do claustro. O responsable do equipo será un profesor/a que se nomeará ao principio de curso. De ser posible será un profesor con destino definitivo no centro designado pola directora, e oído o claustro. Para a designación do responsable terase en conta que teña preferentemente formación específica e de ser posible experiencia no traballo co programa de xestión de bibliotecas MEIGA e a súa aplicación didáctica e dispoñibilidade horaria.

F. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC

O equipo de TIC estará formado por catro ou cinco profesores do claustro e un deles actuará como coordinador/a. Dentro do equipo incluírase os coordinadores Abalar e Edixgal. Este equipo reunirse cunha periodicidade mensual e serán os encargados de revisar e actualizar o equipamento tecnolóxico do centro e solucionar na medida do posible os problemas que estean relacionados coas novas metodoloxías.

5.4. EQUIPO DE CICLO DE INFANTIL E EQUIPO DOCENTE DE

PRIMARIA

O equipo de ciclo de Infantil estará formado polos titores que impartan nas aulas de Infantil e o profesorado especialista. Estará dirixido por un coordinador/a nomeado pola directora, oídos os membros do equipo. O nomeamento será por dous anos e deberán ser mestres que impartan docencia no ciclo, preferentemente definitivos.

O equipo docente de Primaria estará formado polo titor/a de cada nivel e os especialistas que impartan nese grupo. Manterase unha reunión mensual e farase conxunta con todos os titores/as e os especialistas. Ademais realizarase unha reunión semanal dos titores de cada grupo cos especialistas de PT e AL.

As reunións destes equipos servirán para organizar e desenvolver todos os aspectos docentes (elaborar as PD, establecer medidas de AD, actualización metodolóxica,...) que afecten a cada un dos grupos.

6. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO

PROXECTO EDUCATIVO	Responsables da elaboración	Data Aprobación	Próxima revisión
PE	Equipo directivo	Setembro 2020	
Concreción curricular	CCP Claustro Equipos docentes	En proceso	
Plan Xeral de Atención á Diversidade	Depto. Orientación	Cada curso escolar	
Plan acción Titorial	Depto. Orientación Titores/as	Cada curso escolar	
Normas Organización e Funcionamento	Equipo directivo Profesorado	Claustro: 05/09/2017 CE: 14/09/2017	
Plan de convivencia	Comisión Convivencia	Claustro: 30/06/2016 CE: 07/07/2016 Última revisión: 03/05/2018	
Proxecto Lingüístico	Equipo dinam. Lingua Galega	CE: 01/06/2016	
Proxecto Lector	CCP Profesorado	Cada curso escolar	
Plan Biblioteca PLAMBE	Coordinador Biblioteca Equipo de apoio	Cada curso escolar	
Plan Integración das	Equipo de dinam. TIC	Cada curso escolar	

TIC (educación dixital)			
Plan innovación e formación permanente do profesorado.	CCP Equipo directivo	Cada curso escolar	
Plan Autoprotección- Plan evacuación	Equipo directivo Profesorado	Cada curso escolar	

7. REVISIÓN, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

Será revisado sistematicamente ao principio de cada curso escolar, tendo en conta que para acadar unha liña educativa coherente os cambios deben ser mínimos, pois os procesos educativos necesitan longos períodos de tempo para se consolidar. No caso de que teña que ser modificado, farase ó inicio de cada curso coas propostas do claustro e será levado ó Consello Escolar para a súa aprobación. Así mesmo será revisado, e se é necesario modificado, cando o solicite algún membro do Consello Escolar.

Realizarase a avaliación dos obxectivos propostos cada curso escolar, de cara á súa modificación e a establecer propostas de mellora para o seguinte curso. O procedemento para a avaliación do PE consiste na lectura do mesmo por parte da comisión de coordinación pedagóxica e recollida das propostas nunha acta que será presentada ó claustro se é necesaria a súa modificación. Unha vez aprobada a modificación polo claustro será levada ó Consello Escolar para a súa aprobación.